



# **IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL "Zalaeta"**

**ADDENDA NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO-  
COVID**

**Aprobadas en claustro ( 28-10-2020)**

**Aprobadas en Consello Escolar ( 29-10-2020)**

## NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO\_COVID

### ➤ NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO:

- **Normas xerais para o alumnado**
  - O uso da máscara é obrigatorio en todos os espazos do centro, incluídas as aulas. Tamén será obrigatoria cando se realicen actividades fóra do centro educativo durante todo o tempo que dure a actividade.
  - O alumno/a gardará o seu material de xeito diferenciado, para evitar o contacto co dos compañeiros.
  - Todos terán un estoxo de repostos con utensilios de escritura básicos e unha máscara no seu pupitre.
  - En cada percha só poderán colgar unha peza de roupa.
  - Todo o material propio deberá estar marcado co nome e apelidos.
  - Cando utilice material susceptible de ser compartido é necesaria a hixiene de mans antes e despois do uso deste material.
  - Nas entradas e saídas e desprazamentos polo centro sempre irá en fila pola dereita do corredor seguindo a sinalética, gardando a distancia de 1.5 metros co anterior e o seguinte.
  - Non se permite que o alumnado, na saída, quede formando agrupacións nos patios nin nos corredores ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.
  - Ao entrar na aula hixenizará as mans con xel hidroalcohólico. Sempre ocupará o mesmo pupitre. Só usará o material propio, que debe estar identificado e separado do dos demais compañeiros.
  - O alumnado poderá acudir aos aseos durante o recreo de forma gradual, sempre respectando o aforo permitido. Tamén poderá saír durante as clases sempre que sexa estritamente necesario e o profesor/a lle dea permiso. O aforo dos aseos estará limitado. Cada un utilizará o que teña máis próximo á súa aula. No recreo poderanse utilizar tamén os servizos dos vestiarios.
  - As condutas contrarias á convivencia relacionadas co non cumprimento das normas que establece o “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020- 2021” constitúen unha falta leve. A acumulación de tres faltas deste tipo considerarase unha falta grave contra a saúde da comunidade educativa, polo que o alumno/a será sancionado cunha expulsión de dous días do centro educativo. Da mesma forma calquera falta de conduta no transporte escolar será computable como conduta contraria á convivencia según as NOF
  
- **Deberes das nais e pais do alumnado**
  - Non deberán acudir ao centro educativo a non ser que sexa requirido polo persoal do centro.
  - Asinarán unha declaración responsable na que o fillo/a acude ao centro en perfectas condicións de saúde. No caso de que presente síntomas compatibles coa COVID-19 non o enviará a clase e poñerase en contacto co seu pediatra e con algún membro do equipo COVID do centro educativo.
  - Tampouco deberá mandar ao seu fillo/a ao instituto no caso de que algunha persoa do núcleo familiar sexa sospeitosa de padecer a COVID-19 mentres o resultado da proba

non sexa negativo. Este resultado debe ser comunicado á persoa coordinadora COVID do centro.

- **Normas xerais para o profesorado**

- Todas as aulas disporán dun Encerado Dixital Interactivo (EDI) coa maqueta ABALAR instalada nun portátil de uso exclusivo do profesorado. A manipulación do ordenador de aula por parte dun alumno sen permiso, constitúe unha falta grave. Os equipos deben quedar apagados ao finalizar as clases, pero non é necesario apagalo despois de cada sesión.

- As incidencias cos equipos informáticos serán comunicadas ao coordinador TIC utilizando a folla de incidencias que haberá en conserxería TIC.

- Nos cambios de clase, según o protocolo covid-19, ao entrar na aula o profesor/a realizará unha desinfección dos equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa) e unha correcta hixiene de mans antes do seu uso, así como da ventilación da aula e de lembrar as medidas hixiénicas ao alumnado.

- As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

- O profesorado extremará a puntualidade para evitar conflitos nas aulas e nos corredores. Por isto recoméndase que o profesorado leve o material para todas as horas de clase que se teñan seguidas, para evitar o fluxo de persoas e a superación do aforo na sala de profesores.

- As faltas de asistencia xestiónanse desde o XADE. Cada profesor/a debe pechar a súa sesión ao rematar a clase, para evitar que o alumnado acceda ao XADE.

- Todo o profesorado do centro terá unha conta de correo de gmail. O nome do usuario coincide co da Xunta, só que rematado en @zalaeta.gal

- As titorías coas familias faranse preferentemente por vía telefónica, correo electrónico ou videoconferencia. En caso necesario, podería ser presencial, con cita previa e cumprindo o protocolo de seguridade.

- **Normas xerais de entradas e saídas no centro**

- Habilitaranse diferentes entradas e saídas para o alumnado das diferentes clases segundo a proximidade ás mesmas. O alumnado será informado ao inicio de curso e disporá de planos con esta información.

- As portas das aulas estarán abertas. É obrigatorio que todo o alumnado estea na súa aula e no seu pupitre, non nos corredores.

- Establecerase o número de profesores de garda precisos, atendendo aos recursos persoais dispoñibles no centro para este curso.

- A saída do alumnado das aulas, tanto nos cambios de clase como nos períodos de lecer, ten que ser en fila ordenada, co uso da máscara. O profesor non debe abandonar a aula ata que esta estea baleira.

- Recoméndase que o profesorado con clase antes dos recreos deixe as fiestras completamente abertas para unha adecuada ventilación da aula durante o recreo.

- Como norma xeral, nos períodos de lecer o alumnado non pode permanecer nas aulas nin nos corredores( Agás Bacharelato e CC.FF. ) O profesorado asignado encargarse de que non queden alumnos/as nas aulas nin nos corredores.
  - É fundamental manter a limpeza e desinfección no centro. Por iso o alumnado non debe levar comida aos corredores e ás aulas. O seu pupitre debe permanecer ordenado para proceder a súa desinfección, se fose preciso.
- A saída do alumnado do centro farase de forma escalonada durante os últimos minutos. Ao remate das clases, o profesorado que lle corresponda a última hora lectiva, velará porque o material quede recollido polo alumno/a. O alumnado sairá ordenadamente mantendo o distanciamento social pola porta que lle corresponde.
  - O uso do ascensor será individual e con máscara.